



BOLETIN DECENAL

Idearium da Hirmandade da Fala en Galicia e nas colonias gallegas d'América e Portugal

BREVIARIO ENXEBRE (PRA LÉR PENSANDO)

Un círculo vicioso.

«Os contratistas da tranquilidá pública», «os que aprican o vaso ó grifo», veñen facendo nos seus xornás un ripinique de gloria votando a voo total-as campanas da noxenta adulación, pra dicir ós parvos que o Goberno do Coxo e un Goberno de boa pata que conta co'a confianza do país, un Goberno exemprar que tivo, novo Don Suro de Quiñones, seu «paso honroso» no Empréstito de mil millós.

¿Haberá cousa mais ridícula? ¿Haberá farsa maior? Orguloso podería amostrarse o Sr. Bugallal se cando él era ministro da Fazenda, e fixo aquela operación financeira que tan cativamente lle saiu, conquerira o trunfo. Entón poderíase falar do patriotismo dos capitalistas, da confianza do país e d'outras andrómenas que de cote se baraxan. Porque o Sr. Bugallal—torpe e inxenuo—nin dou primas, nin interesou á Banca, nin alumiñou ós directores de xornás, nin ofreceu gran intrés ós donos de cartos.

Pro ¿o Empréstito d'agora? Coma Alba, fariamol-o nos. Gastando en publicidá canto foi perciso, poñéndose en relación con Bancos e corredores, ofrecendo un intrés ó capital, fixo, seguro, con tod'a garantía do Estado, que non ofrece n'estas condicións ningúnha outra empresa, facilitando con ventaxas o troque d'un papel da Deuda pol-o papel d'esta nova Deuda... e trampa adiante, ¿quén podería dubidare do éisito?

O Goberno tería dereito a chufar, si houbera chamado ó capital pra un Empréstito de pequeno porcentaxe nos intrés, adicado á recostitución do país, adicado a obras hidráulicas, ferroviarias, camiños veciñas, escolas, laboratorios, etc.

D'outra maneira, non. Poñernos denteira c'o baraxamento de dez mil millós—duas veces o imposto de guerra pagado por Francia a Alemania, tral-o 70—dos que soyo restarán mil nominás cuáseque apricados por compreto a consolidar a deuda flotante nada na fazaña marroquí, é chantar un novo inri no remate da cruz na que está España encravada.

O capitalismo fai ben. Vótase ó seguro. Mais sin ollar ó mañan, sin decatarse do porvir, de costas a Europa. Os cartos empregados oxe, inda con algún sacrificio, en industrias, fomentaría a riqueza xeneral do país, a sua potencialidá económica, y-ó dar traballo ós brazeiros y-ós mozos da clás media, ó difundir a circulación dos cartos, creando un ambiente de progreso en todol-os ordes, beneficiaría ós mesmos capitalistas coma caseiros, coma produtores e consumidores e até coma donos de títulos de valores do Estado. Estes valores, non pagaban imposto, namentras non se fixo a liquidación do desastre do 68 por Villaverde. Dende enton viñéronse gravando, e gravaríanse mais no mañan si o país sigue sendo un ermo e si soyo eses millós—que tanto soan e que fican n'un improdutivo ausoluto pr'ó traballo—constituyen forza positiva, inda que morta.

De continuare polarizado o capital no cupón y-o traballo na indixencia, as crases obreiras y-os famentos da crás media, terán a vida d'España en costante convulsiónismo, sin que d'elo poida culpárselles, y-á postre eses tentadores intrés que oxe ofrece o Estado, ficarán en nominás. E entón chamaríanse a engaño nosos tristes ricachos que viven de costas a Europa, sendo incapaces do santo egoísmo de facel-o porvir

dos seus fillos. Nosos tristes ricachos que levan o corpo n'automóvil y-o espírito en carreta, coma dixo Unamuno, inorando que pol-a lei das repercusións económicas o que se perde por un lado ganase pol-o outro. Si os impostos suben, si a vida encarece, si o porvir dos fillos faise mais difizle, y-a loita de crases mais fera, o maior intrés do cupon trocarase en resta d'outro xénero d'intrés. Total analfabetismo financeiro.

O andamiaxe d'unha gran urbe.

Pensámolo moitas veces. Sóbor d'elo escribimos outras tantas. E oxe, tral-a cegueira que nos produxo a nube de millós de pesetas que a Cruña dou ó Empréstito, cansos d'ouvir falar de «cruñesismo» e «rexionalismo»; cavilando unha vez mais na gran cibdade que din fai falla en Galicia, eiqui tedes o que se nos ocorre.

A Cruña é *capital oficial* da nosa terra. Compostela a *capital universitaria*. Entrambas poderían ser cuáseque unha soya, como acontece con Leixoes e O Porto.

Pra que tal visemos, non habería mais que crear unha vountade co leitiva que fixese presión sobor do capitalismo das duas urbes e das aldeas e vilas do camiño: Carral, Ordenes, etc., c'o ouxeto de que se dispoñera a entrar n'unha gran empresa capaz de levar á praiteca, ben un ferrocarril, ben un tranvía eléctrico, *moderno e rápido*.

Que este ferrocarril ou este tranvía ficaria sendo grande negocio sin perigo pr'ó capital, non he mester amostralo. Non he mester amostrar tampouco a trascendentalidade da empresa. A Cruña viría a ter universidade. Compostela, porto, audencia, capitania xeneral, etc. A vida das duas poboacións intensificariase. Do mútuo e íntimo contauto, xurdiría un ideal progresivo en todol-os ordes, mais principalmente no da cultura, no dos negocios e no do turismo. Carral, Ordenes, etc., espallaría suas casas, carreiteira adiante, pra facer unha gran rua.

1917

PREZOS DE SUSCRIZÓN

Na Cruña, ó mes, 40 cts

Fora, » 50 »

Coste d'un número 10 »

América 2 pts. trimestre

Número 15

Redacción

e administración:

CANTÓN GRANDE, 16

BAIXO

A CRUÑA

10 DE ABRIL

E como a union ferroviaria ou tranviaria entre Compostela e Cruña é unha necesidade, un complemento forzoso do Ferrocarril da Costa que mais cedo ou mais tarde terá que facerse, poñendo a Galicia en contacto con Europa, descentralizando felismente nosa vida e empuxando noso progreso agro-pecuario e mineiro, coidamos que con unha xuntanza de capitalistas que teña porouxeto esa patriótica e redentora empresa, poñeríase o andamiage da gran urbe que todos cubizamos.

Este non é un soño; é a esixencia da realidade galega. Y-o que elo ten d'intrés supremo para a Cruña non percisa amostrarse.

En troques do «cruñesismo localista», fallo d'espansión cordiás, atento soyo a pedir votos, a levar un concexal mais ó Municipio, eiqui tedes unha misión outa, unha misión europea, na que latexa o xermen do trunfo rexionalista.

Cando se dian o «abrazo de ferro» Compostela e Cruña, trocándose en dous barrios d'unha gran cidade, Galicia estará d'embora.

Un marqués nada menos...

Temos ó Sr. marqués de Figueiroa por un dos políticos, galegos pol-o nacimiento e antigalegos pol-a sua autuación dentro da rede do centralismo, de maior cultura. Témo-lo tamén por un home que fala ben, pro que cando escribe garda semellanza c'ou seu xefe, D. Antón Maura. Sauda a sintáxis dende lonxe, cabaleiro nos incisos. O que non temos ó marqués é por pontífice do rexionalismo. Partidario da *ortodosia* de Besada e Viguri, antóxanos recusabre. El vive e vive a vida centralista; fixo sua carreira pol-a escada do bárbaro réximen político que ten morta a España; ten o cerebro cheo de prexucios, e pra nos... cero.

As «Hirmandades da Fala» non se poden permitil-a chufa de contar c'un xornal nin c'un «difinidor» de título aristocrático. Pro teñen concencia dos seus actos, teñen xuventude, teñen enxebreza, boo senso e estudan abondo, na realidade e nos libros, pra reflexar en liñas craras o fondo d'un pensamento que é o novo e redentor idearium rexionalista. Millor diríamos nacionalista.

Limos catro columnas de longa prosa revesada do marqués, e n'elas atopamos a soma de catro vellas ideas.

Pasou a época dos tópicos; o Sr. de Figueiroa, amóstrase—cousas do «andacio» rexionalista que sofrimos—entusiasta de Galicia. Pro os seus entusiasmos deveñen, unha vez mais, cal os de tantos outros, en vexigas de xabon, feitas con pruma no troque de palla, puramente verbaleiros.

Non crémos xa a ninguén que non predique c'ou exempro. Frai Exempro e o noso predicador. Y-o marqués de Figueiroa, coma todol-os mais políticos *ortodosos*, fainos desconfiare. Sin ir a lonxe pol-o camiño da sua hestoria, abóndanos preguntare: ¿Por qué non obrigou ó Goberno, dinantes de que este fechara as Cortes, c'a sua autoridade, cumprindo a sua palabra, a discutir o proxeyto de ferrocarris secundarios e á enmenda relacioada c'ou da Costa?

Si tal fixera inda poderíamos falar d'outra maneira.

Pro nos comulgare con rodas de muiño, endexamais. A pensamentos novos, xentes novas. ¿Está craro?

O ouro y-o cuño.

Chegou á Cruña un rapaz ourensán, que fai versos, que ten publicado versos na *Esfera*, no *Nuevo Mundo*, de Madri e n'algús boletis da rexión. Este rapaz que tamén dou unha leutura de poesias na «Casa de Galicia» da Corte, chámase Xavier Bóveda.

Cando estivo na nosa cibdade—bohémio sin cartos—adicouse á faena de saudar xentes «idóneas» que o puideran favorecer na cativa empresa de proporcionarlle unhas moedas pra pago d'un pasaxe até Madri.

Poucos concían seu nome. Pouquísimos l'estreitaron a máu con agarimo. El dicia que era poeta, amostrábao ricitando os seus versos, ensinando algús xucios escritos de homes d'autoridade. Pro, inda eisi, total-as portas se lle pechaban.

O fin, tras moitos traballos, gracias ó nobre empeño de Fernando Martís Morás, puido conquistar ó salón do «Circo d'Artesanos» pra facer n'él unha pública leutura dos seus versos. Ali, onde naide dixo nada sin grandilocuente presentación previa, Xavier Bóveda, veuse soyo. Deunos pena e deunos xenreira. Tivo tribuna por misericordia; tribuna somentes; ningunha misericordia, ningunha xenerosidade mais. (Agás a da Asociación da Prensa.)

.... Y-é un rapaz de desanove anos que fai versos dinos de sere firmados pol-o millor poeta español d'oxe. Versos de xesta, de superstición, d'amore, líricos-descriptivos. E un rapaz que non ten que baixar a testa pra chamarlle mestre a ningún dos vates que pasaron pol-a tribuna «d'Artesanos», pois supera a cuase todos. En Pontevedra e n'Ourense, moitos pergúntase quen val mais: si él ou Rey Soto. Y-as opinións dividense.

¿Por qué non se lle tratou, pois, coma se ten tratado a moitos que por eiqui chegaron, mais cheos de vanidá e d'orgulo que de valimento? ¡Ail el ben o dixo: porque viña mal traxeadado; porque viña sin automóvil, porque viña sin cartos... Porque era o ouro sin o cuño. Porque non adoulou a naide.

El é novo, forte, cheo d'ambición; él trunfará en Madri, e cando pasadol-os anos, poucos anos, volte por eiqui, xa loubado pol-a hipérbole; cizaña que nasce da crítica, entón o que agora se lle negou daráselle logo. Entón os que percisan de botafumeiros en Madri, aloumiñaranno. Mais será tarde. Bóveda xa conece ás xentes. Xa sabe que somos poucos os que, sin necesidá de xucios feitos, vidos da Corte, ante unhas versos, sabemos dicir si son bos ou malos. Inda hai moito cruñes *provinciano*... ¡Válganos Deus!

ANVIPO.

A VERDÁ QUE NON SE DÍ

NON OBRAS BENÉFICAS, SENON OBRAS PATRIÓTICAS

Non con espírito de sectarios, senon con espírito de patriotas, de homes á moderna pol-o pensamento e pol-a acción escribimos estas liñas co'as que virán a conformárese cantos sexan «europeizantes».

Limos nos xornaes dos derradeiros días que foi donada pra «Asilo de vellos» unha manífica finca da primeira Condessa de Bu-

gallal composta de un gran pazo e d'un bosque y-unhas pradeiras inmensas, preto de Portomouro. O bosque é o renomeado de Cernadas, quizáis o millor de Galicia.

Din que todo esto val mais d'un millón de pesetas, e que xa uns «indianos» que desexaban mercado pra estabrecer alí unha industria de gandería, ofrecíanlle ós donos cen mil pesos.

Fíxose mal non acetand'o trato. Acetándoo, habería unha nova fonte de riqueza preto de Portomouro, y-os testamentarios da condessa caritativa poderían co'a cantidá collida facer n'outra parte o mesmo asilo.

Non é que nós vayamos contra das institucións benéficas, pro coidamos que si se fomentaran as fontes do traballo, os probes diminuíriáanse.

Con Asilos, soyo n'unha cativa parte terá romedio o mal. Inda mais: cantos mais asilos haxa estreveríamos a amostrare que aumentarán os probes.

Que a Condessa de Bugallal estabrecera no bosque de Cernadas unha gran industria: de gandería, queixeira ou do que fose. Que fixera unha fabrica, das moitas que fan falla; unha granxa modelo, un laboratorio-escola, pra estudos prácticos, etc., dos que cuaseque está orfa Galicia, y-entón non soyo sesenta vellos terían boa vida, senon sesenta familias, porgresando á vez aquela comarca enteira.

D'un lado os cartos vanse ó cupón, d'outro ós Asilos, etc. Y-eisí, ¿cómo Galicia ha xurdir?

Cada vez ten pra nos maior forza a frase de Porteiro: «O primeiro mal da nosa terra afinca na fonda incultura do capital.»

Estas cousas son as que hai que facer chegar a oubidos dos ricachos a total-as horas. N'hai que deixalos en paz.

Asilos, si; pro coidando adoito que non se vaya todo en asilos, porque os asilos fican por non sere percisos n'aqueles pobos que erguen e desenrolan suas riquezas.

Os asilos da civilización, os asilos europeos, son as fabricas, as industrias, os tréns, os tranvías. Os outros somellan froles sin recendo, abertas sóbor das auguas empodrecidas.

Empregar os cartos en negocios *vivos* é a millor e mais outa caridade. Non hai millor nin mais cristiana caridade que esta: non parece caridade, séndoa, y-e patriotismo ó mesmo tempo.

¿Cando falarán d'estas cousas os xornaes?

Ó MARXE DA REALIDÁ

DUAS VERBAS

Decía Proudhon que por debaixo de total-as cuestiós humanas latexa un probrema relixioso. Podemos parodiar o gran revolucionario d'as ideas dicindo que no fondo de total-as loitas sociaes hay unha cuestión moral. No noso conceuto, o principal probrema de Galicia é un probrema de moralidade. Os lindeiros d'a moralidade están, n'este século de mentidos refinamentos e bastardas ambiciós, confundidos ou revoltos no remuiño touleante do trátego d'os homes.

Por sóbor o sentido d'a moralidade—qu' é o cimento das grandes e fecundas ideas e o faro luminoso d'as mais sinxelas bellezas—poñemos os gallegos, nas nosas relacións e n'os nosos feitos, cal unha oureola de gloria, a cativa condición d'a necesidade, e miramos pro estómago como úneco ouxetivo, cal úneco ideal.

Todo no retabro da nosa mira rexional é falso, hipócrita, pequeno e probe. As convencións non determinan a conduta das persoas. Os sentimentos íntimos agáchanse no fondo, disfrazados coa verba que coltiva total-as postemas do prauticismo, isa baixa e absurda andrómena d'a iñorancia, isa pauliña qu' é de cote o móvil d'as nosas auciós.

Os políticos aldraxan o nome de Galicia, e fan escárneo d'a cidadanía gallega. Todos o saben e calan.

Os xornaes defenden as súas conveniencias, buscan a satisfacción d'os seus desexos egoístas, escatiman a verdá, defenden por catro cartos a causa mais enlizada. Todos o saben e calan.

O caciquismo afoga as almas e merca a libre personalidade d'os homes.

A hipocresía relixiosa é un médeo pra desimular o empodrecemento d'as concencias, sin qu'haxa fe noble e pura.

E todos o saben e calan.

¿Por ónde haberá qu'escomenzar a prometéica empresa de rexenerar ó noso pobo y-erguélo do fango?...

ROBERTO BLANCO TORRES.

Coruña, Abril, 1917.

A PONDAL

Dend'o chan de Bergantiños

«Neste despoxo escuro,
Algo d'insigne eu miro;
Nél vexo, un non sei qué,
De grande e de divino;
Cal astro que tuvera antigamente,
Un resprandor altivo;
Algo de somellante n'él contemplo,
A un luceiro extinguido...»

(De *Queixume dos pinos*).

Ouide ao mais cativo
dos fillos de Breogán,
que os doentes queixumes
respetoso vos trai
da terra en que soáron
os cantos valerosos de Pondal.

«Virxen válme! Un cadavre!»

os ecos repetino
pol-as esquivas gándaras
do chan de Bergantiños.

«Virxen válme! Un cadavre!»
marmularon-os pinos
c'o medoñento son
de penados espíritos.

Un cadavre! berrano
os corvos montesíos,
erguendo de antre as uces
o seu voyo fatídico.

As correntes lixeiras
dos cantareiros ríos,

cantano tristemente
un funeral dôrido;
y-as furnas fondas, negras
remexeron no abismo,
c'os tombos escumantes do mar bravo,
temerosos muxidos.

Gubrínose de brétemas loitasas
os dous fachos altivos:
—facho de Touriñán
e facho de Lourido—
vixiantes soberbos
do noso chan querido,
onde van aniñaren
de noite os mazaricos.

Pobre terra de xallas
por onde o Bardo amigo
cruzou cando estudeante
calado e pensativo;
¿por qué tan triste o vento
funga nos toxos hirtos?
¿Qué tendes? ¿Qué decides?...
¿Un morto?... ¿Quén morrió?

Y-a fada de Rouriz
berróume nun suspiro:
—Foise Gundar, o nobre fillo d'Ouco;
morréu Gundar, o meu amado fillo.

Ouide, ouide todos
a un fillo de Breogán,
que os doentes queixumes
respetoso vos trai
da terra en que soáron
os cantos valerosos de Pondal.

Rouriz e Morpeguite
con falaz compunxido,
co-as guedellas revoltas
e das bágoas nos ollos o rebrilo,
dixénome: —Pois, tí,
que inda nas veas tes sangue do estinto,
pol-o amado dos celtas
un canto entoarás tenro e dôrido.

¿Mais ónde a inspiración
ha de hachar un cativo
parente de Gundar,
anque o peito afrixido
y-atormentado teña?

E Morpeguite dixo:
—Repetide o que oyéu
a boa Bergantiños.

Y-é verdade, que n-hai
outro falar mais dino
que aquel falar valente
do noso Bardo estinto.

Ouide, pois, ouide
o que oyéu Bergantiños:
«—Neste despoxo escuro,
algo d'insigne eu miro;
nél vexo, un non sei qué,
de grande e de divino;
cal astro que tuvera antigamente,
un resprandor altivo;
algo de somellante n'él contemplo,
a un luceiro extinguido...»

Est' é o que ven decirvos
un fillo de Breogán,
c'os doentes queixumes
que respetoso trai
da terra en que soáron
os cantos valerosos de Pondal.

GONZALO LÓPEZ ABENTE.

Muxía-III-1917.

LÓSTREGOS

Unhos na soma e outros na lus

Os pobos, coma os homes, que non teñen forza de vountade pra se redimir, que non souben ou non queren dar un pulo da escuridade do *non ser* en que viven, á lus do *ser* en que vivir podían, ou teñen os ideiaes castrados, ou acóchanse nos seus adentros xérmens d'escravos.

Canso estou de ascoitare ós nosos hirmans que atópanse de toda conformidade co-as nosas loitas; de ascoitare que láyanse dos dôres que nos layamos nosco; de que faguía falla un rimedio súpeto pra os nosos males.

A cada galego que faledes dos problemas a risolver pol-os *Amigos da Fala*, vos dirá que fan ben, que iso debera faguerse xa fai tempo, que o movemento se demostra andando, e que son dinos da axuda moral e material de todol-os fillos de Galicia.

Mais isos qu'eisí vos falan, o non fan con calor, con entusiasmo, con fogosidade. Falan do mal patrio, coma o enfermo que atópase desahuciado pol-a cencia, fala dos rimedios que non hai pra curare o seu mal de morte, a súa crónica doenza, que finará cando Deus queira ou o demo carregue co-él.

Eisí, que, por indiferencia, o obreiro; por non entendernos, os parvos; por incoñecencia, os que cõ réximen de agora fan o seu *agosto*; por medo, os empregados da nazon; por parecerlles *cursi falal-o galego*, isa disgraciada praga de siñoritingos da clás media, que son o noxo de todol-os pobos, a impedimenta, o estorbo de todol-os ideiaes; todos, compretamente todos, axúdan a que a araña centralista texa sobor a nosa terra a maraña retrógada ou paralítica do *non ser*, e sobor dos nosos miolos, a tela d'oscurantismo que non nos deixa ver nin vislumbrar siquera, a lus, a sacrosanta lus da redenzón da patria.

Nosco, os Quixotes, os tolos, os que sendo obreiros pensamos que a eterna loita do capital e o traballo, ten mais camiños pra conqueril-a victoria que o estreito rego marcado ô socialismo, rego que chamaría solitario, ausolutista, alleo ós demais problemas afíns a súa causa; os que non temos intereses creados nin perxuicio algún; os que pertencendo á clas media perferimos a outura dos obreiros co-a andorga chea, á outura dos señoróns con fame d'esmoleiros; os que perferimos o emprego da língoa gallega, qu' é a nosa, a empregar unha língoa d'emprestado; nosco, repito, somos e seguiremos sendo os testa ferros, os gardadores da nosa tradizón, os simentadores da rexeneración da nazionalidade galega.

Vosco, os que pasivamente nos gabades, os que o sentides e non podedes falar, os

que sentides orgullo de ser galegos porque tedes pra Galicia un altar dentro do peito anque decidel-o contrario co-a língoa pequena, vinde a nos, que ó fin houbedes de vfr, e todos cobixados baixo a bandeira galega, loitemos sin trégoas, unhos na soma e outros na lus, até que a vexamos a ela e as das nazons hirmans, frotando ergueitas e maxestosas sobor do fondo amarelo e ber-mello, que serán os côres do símbalo da unidade das nazons da Iberia.

V. ULCANO.

FROITOS DO CENTRALISMO

Burell ou a destrución do Enseño

En España, chámassel mestre a calque-
ra. Eisi son «mestres» Burell, Cavia e ou-
tros. ¿Mestres de qué? preguntaba un día
Araquistain. Porque eles non aumentaron
c'unha soya idea o acerbo do pensamento
nacional. ¿Qué dixeron cousas «bonitas»?
Pois mais valía que n'as dixeran. Coma
Araquistain opinamos nos.

Pro imos dicire duas verbas sóbor de Bu-
rell, que non foi discípulo de ninguén pra
que poida sere mestre de naide. Burell, por
outros nomes o «home cañón», o «tibu-
rón», etc. é ministro d'Instrución pública,
millor diríamos de Destrución pública. Den-
de que ocupa o cárrago fixo unha chea de
parvadas. Nos primeiros tempos publicou
un decreto declarando *inamovibles* ós ins-
peitores. Pouco dempois, trasladaba de
Xaén a Madrid un inspeitor amigo; da Cruña
a Xaén a unha señorita inspeitora, e de Cas-
tellón a unha provincia do Norte, outra ins-
peitora.

D'este *xenio* é o mestre. ¿D'este? Inda
pior.

Agora, de súpelo, *suprimiu o ensámen*
da reválida y-as Memorias do doctorado.

E di a notabre revista *España*: «Non
puido o Sr. Burell idear maior parvada. Na-
mentras total-as Universidás europeas su-
primiron os ensámenes parciás e fixeron
mais difizle e importante o grado das revá-
lidas, noso ministro suprime as reválidas e
deixa en pe os ensámenes parciás por asi-
naturas.

Os ensámenes por assinatura favorecen o
abuso dos libros de testo y-a corresponden-
te esprotación pol-o profesor; favorecen ós
que acuden á lista; favorecen tamén os tras-
lados d'unhas a outras Universidás dos ca-
tivos estudantes.

No troque, os ensámenes de reválida
mostran sintéticamente s'un estudante co-
noce a materia da que vai sere sua profes-
sión, relacioando todol-os conocimientos
adequeridos. Y-as Memorias do doctorado,
son as únecas probas ou escitaciós pol-a
parte do Estado pra que o aluno emprenda

AIRES DA TERRA

E na costa irta, na fera costa da morte onde latecan ainda algús corazóns celtas. E aló na terra de Bergantiños, berce do bardo, arrulada pol-o mar que brua e pol-os pinos que se queixan. E no chan dos cumes aspros e das gandras esquivas. E aló onde a locomotora non trazou inda xamáis a rúbrica do progreso; aló onde os poetas modernistas que cantan princesas esvaídas e vicios reviventes c'a morfina que lles da ós soños aparencias de realidá, non poderían vivir porque os seus bofes estouparían feitos anacos podres ó aspirare o primeiro ar san; é aló onde a muller galega se sinte artista.

Iñoramos quen lles donou o arte de que son donas. Elo é que illadas do mundo chegan ó mundo. Elo é que sendo fillas d'un ambiente fosco e d'unha natureza salvaxe, fan milagres de finura, primores de sotiñeza. O mar ruxente, chega ás penas e fai encaixe. A abella vive no monte e fai mel. Eisi son, sin dúbida, as mulleres da costa irta, da costa da morte.

Nas crudas noites d'invernía, texen as sotiles puntillas brancas, acuntadas en roda; e tintinean os pauñños, namentras soan cántigas. Nos ledos seráns da primaveira, nos belos crepúscolos do vrán, baixo o apaxo das derradeiras rayolas do sol, fermosos nimbos d'ouro bello, mentras o alalá é un meigo encaixe invisibre que se perd'o lonxe, cal tecido pol-as maus da Raza, de curuto en curuto, sóbor dos vales verdes y-as froridas estradas, tamén fan aquelas bárudas mulleres as velaiñas labores, mezcra de alma, brétema e nube, que logo se torna en brétema e se converte en fango cando adorna os baixos das outas señoras mundanas, mais traidores ainda que os da fera costa da morte.

Coma Mistral cantou ás rapaciñas desfolladoras da sua doce Provenza, nai d'unha «razada solar», cantemos nos ás encaixeiras de Camariñas, sirenas d'unha terra baril. Son merecentés d'un belo poema, que podería facer Cabanillas, que non souberon facer outros poetas da terra, cegos sempre para o galego.

¡Traballade e cantade, homildes encaixeiras! Vosoutras lonxe do mundo, no «fin da terra», impoñedes, sin as andrómenas da civilización, sin a axuda dos xornales, sin direición de ningún mestre, unha industria que suma millós de pesetas ó ano. A vosa industria, refrexa as tenruras xeniales da muller galega, que cando rústeca, fai o que facedes vos; e cando culta, o que fixeron Rosalía y-a Arenal.

¡Traballade e cantade! Os pinos queixanse, brandidos pol-o vento, e fungan com'o mar. O mar tolo e fero somella o murmullo dos pinos, e somella as vosas maus, maus de fada, artexos d'abella e artexos d'araña, tecendo nas penas, almoha-dillas mouras, o branco encaixe das brancas escumas.. que si non rimañ co'as do champán, aventáxanlles na beleza.

un traballo persoal d'investigación que revele as tendencias do seu espírito.

Outro absurdo, amostrativo da sua iñorancia é a supresión das especialidás nas carreiras. Até n'Alemania, o pais da máxima especialización, as especialidás constituyen un estudo perferente da carreira y-a naide se l'ocurriu, por exemplo, que poida habere un médico sin nociós das doenzas da piel, dos ollos, oídos, etc. Ademáis, ¿e loado dicir onde escomenza o límite do que se coida coma especialidade?»

España propon logo de falar longamente sóbor das absurdas reformas de dito ministro, que se faiga unha *Liga pr'a defensa do Enseño*. E aínda afirma: «noso conecimento do Sr. Burell permítenos dicir que tral-o decreto das reválidas hai un móvil particularista definido.» Y-apunta algo que debe lérse.

¡Eisi se goberna a España! ¡Estes son os

froitos cada vez mais podres, do centralismo!.. ¡Burell reformador! O Burell que dixo un día n'un artigo: «el Chimborazo y los Andes.» *Tableau*.

VERBAS DOS MESTRES

De Xoquín Costa.

O que ten a chave da andorga ten a chave da concencia. Probeza e libertade son termos incompatibres; por moitas revolucións que se fagan, non se librou a un pobo da opresión se non se lle librou dinantes da miseria. A papeleta eleitoral é ún cetiro que non s'avén co'a man do mendigo. «Onza d'Estado, libra d'ouro», di un vello refrán, cheo da mais fonda filosofía. E moitos séculos dinantes a Biblia: «a libertade do home está nas suas riquezas; pra o probe non hai lei nin xusticia; val mais morrerse que vivire na indexencia... Estas verdás valen mais que todol-os libros de Rousseau, de Montesquieu e de Kant nos que xeneráronse as Constitucións modernas.

AIRES DA MESETA

Estrenouse en Madri unha comedia de Benavente, «El mal que nos hacen», que foi moi discutida. Conocímola logo na Cruña. E abofé que se trata d'unha comedia cativa. Pro esto non ven a conto, agora. Agora o que ven a conto é o homenaxe de que fixeron ouxeto a Benavente, os seus admiradores da Corte.

Consistiu n'un xantar na praza de touros, ó que asistiron señoritas, ataviadas con traxes flamenquistas, que ficou c'unha «becerrada». O redondel da praza, daba xenio velo, según din os xornalistas. Unha gran pandeireta, dina de se poder amosstrar, milagreiramente, por Europa. Unha gran pandeireta, imaxe d'un pobo neutro e neutral, ¡ouh Benavente!

Nos, agardábase ver artigos de protesta contra de tan fonda vergoña nos xornaes madrileños. Pro esos artigos non saíron. Chegamos a un termo da decadencia no que todo é permitido. Dixérase que s'impón un troque de papés: díxérase que namentras Benavente, ¡con cume da nosa inteleitualidá!, recibe agasallos n'unha praza de touros, de bailarinas e chulos, Belmonte ou o Galo teñen d'iren o Ateneo pra disertar no salón de festas.

Si o noso P. Sarmiento vivira, finaríase de noxo. Si Costa erguera a cabeza, logo de sacudire a sua melena de león, maldicindo a vila podre, voltaría ruzent-pra baixo da terra acochándose ben n'ela.

¡Madri, Madri! Un día chamouche Noel, «o ano de Europa». Nada fas por non selo. ¡E aínda hay xentes que falan, dend'o cume da Meseta, de separatismo! ¡Inda hay xornaes madrileños que aldraxan a lembranza de Pi y Margall dicindo que o seu programa era separatista! O día que o rexionalismo trunfe, e os aires europeos da periferia s'impoñan, os intereses creados da vila-charca-cortesana, que son moitos, moitos, moitos, sufrirán perigo. Por eso se calunia a Cataluña; por eso se calunia a Baskonia, por eso caluniarásenos mañán a nos. Eiquí tedes a nai do cordeiro.

N'un Estado rexionalizado, a capital d'España perdería sua bárbara hexemonia: os negocios azeitados á soma d'aquela, ficarían por terra. ¿Non vedes o que é Washington en Norteamérica, por exemplo? Madri, nova Pandora, leva nas maus un caixón do pan onde encerra cóbregas fantástecas de separatismo, que ceiba cando lle convén pra asustar ós parvos.

Madri, Madri é dino fillo teu Xacinto Benavente. Hai cousas que se compratan e que nos fan moito mal... Hai momentos nos que se pensa con saudade na invasión dos bárbaros e na pruma de Xuvenal.

DE MIN PRA VOS

Cousas do sábado.

Un sábado de noite, Pedro Portelo, carpinteiro dos bós, chegou á sua casa ás catro da mañan, dono e señor de unha mais señora *merluza*, e co-a man dereita esfolada o mesmo que terreo arado; un forte bandazo de babore que dera na rúa, o fixera ir de fuciños sobor o quicio de unha porta.

Empois de loitar a rentes de unha hora pr'atínare có buraco do pecho, puido metel-a chave e despechare. Entrou, pechou por drento, e a modiño, moi a modiño, foise en dereitura á cama, pra que Delores a súa muller o non sentira. As tentas ia, e ás tentas torpezaba co-as cadeiras que rodaban pol-o chan i el co-elas, caendo acó e aló coma si estivera nas aramiadas de unha trincheira.

—Vállame Croporoquine, santo das miñas pregas, si Delores non pideu cadeiras prestadas ós veciños pra poñel-as estorbándose

o camiño!—marmulaba carraxudo—. Non levo conta d'elas, mais pasan de dúas dúzias nas que levo torpezado, e nos si mal non me lembro, soio temos seis.

Eisí estivo ergue e cai, e cai i ergue, até que canso de non poder saír de aquel afougante mar de cadeiras, mar que faguía el mesmo por andar adiante e atrás de unha n'outra, berrou:

—¡Deloores!... ¡Deloooriñas!...

—¿Qué queres, ó?—contestoulle a muller espertándose sin susto por estar afeitada a tales esceas.

—¿Ti metichete a chambona?

—Metería si tí fóral-o chambo, e atopara quen te mercara, ladrón.

—Logo, ¿de quen son tantas cadeiras?

—Do diaño que te coma. Non che abonda o vire coma ves, sinón que aínda o espertas a un.

—A modo entrei, muller, a modo entrei; as cadeiras, tanta condanada cadeira coma eiquí hai, tiveron-a culpa de que t'espertara.

—Home, si ben as contaches, contarías seis.

—¿Seis?... ¡Corenta e sete cheguei a contar, e aínda houbía cadeiras, muller!

—Isas che son cousas dos dias de cobranza.

—¡Ai, si en troques de faguer romances me fixeras un pouco de manzanilla!...

—¿Gústache de virutas?

—Si por gustos, vai, gústame a de botela.

—Vai busca-la a Sivilla, e mentras votarei un sono.

—Votarías, muller, votarías.

Ergueuse Pedro, e torpeza eiquí, torpeza alí, chegou onde á cama, e apalpa, apalpa, dou co-a chave da lus elétrica, e alcendeu.

—Obrigado a Deus, que vexo, e te vexo.

—¡Ves bon!—contestoulle Delores ó vel-o co-a man esfolada, a falda da camisa de fora, a gorra co-a bisera pr'atrás, e os pelos rivoltos caéndolle pol-a testa—. ¡Da xenio vertel ¡Vaia un persistente do gremio de carpinteiros! ¡Viva a demo e gracia!

—Democracia, muller.

—Demo... que vos leve a todos.

—Si contigo é, que moito non tarde, e xa que de tarde falo, voume a deitar un pouco. Mañan, chámame ás dez. O mitin e ás doce, e falla me fai o tempo.

—Chamarei. Cousa que arregredes vos...

Pedro, sin dar oídas ás verbas de Delores, tirouse vestido ós pes da cama, e dormido quedou coma un bendito, satisfeito da sua obra.

* * *

Domingo. As once da mañan. Delores ende as dez non faguía outra cousa que chamar a Pedro pra que s'erguera, i este contestando e dando voltas volvíase a dormir.

—Ai Pedro, ¿tí non vas ó mitin?

—¿Qué hora é?

—As once deron agora.

—¡Demontres!—escramou erguéndose a presa—. E'iso que che dixen que me chamaras ás dez.

Comenzou a mudal-a roupa, e daquela reparou que tiña magoada a man dereita; mal coma puido, visteuse, lavouse, e peinouuse co a man esquerda. Ó estárese peinando adivirteu no espello que non se afeitara, e sendo xa tarde pra ir á barbería, pensou que tiña unha boa navalla da barba si houbera quen o afeitara.

—¿Marchou teu hirman?—preguntoulle á muller.

—Marchou. ¿Queríaslle algo?

—Si marchou, non. Era pra que me afeitara. ¡Si souberas tí!

—Nunca en tal trafego me vín.

—¿Terías valore?

—Por valore e forza non queda.

—¡Reconchol Non; xeito e o que fai falla.

—Si queres que probe...

Sacou Pedro da ucha a navalla e o enxabronador, e votando auga n'unha cunca de talaveira, doullo todo a Delores.

—A ver logo—díxolle sentándose—. Adevirtoche qu'estiven unha tempada arregrándome co-unha barbeira, e tiña a man tan lixeira, que adoito que me afeitou, quedeime dormido. Enxabróname ben.

Remangouse Delores, mollou a brocha na i-auga, i empois de ter feita ben escuma sobor do anaco de xabron, comenzou a enxabronar-o pol-a narís.

—¡A modo Delores!—díxolle Pedro, ter-mándolle da man—. ¿Vasme a afeitada narís?

—Non, mais coidei...

—Pois coida de enxabronal-a barba que has de afeitar, e o demais o deixas.

Sigueuno enxabronando coma Deus manda, e collendo a navalla coma si fora un coitelo, dispúxose a començar.

—Deloriñas—adiverteulle Pedro—, vexo que tes mais valor ti pr'afeitarme qu'eu pra te deixar. Soio che pido unha cousa.

—Ti dirás—reprecoulle Delores, pónolle unha man na testa e recostándolle a chola na parede.

—Que si vel-a folla ir en atopo das raíces, érgal-a man axiña... ¡Comenza!

Delores començou. A cada pasada da navalla, Pedro pechaba os ollos e os apertaba cò dôr. Por sorte ou milagre foille afeitando as meixelas sin cortal-o.

Comenzou empois pol-o nô da gorxa, e Pedro ô sentil-a navalla por él, pechou os ollos e cuasi non respiraba.

Delores viuno tan quedo e còs ollos pechados, que perguntoulle ô tempo que o afeitaba:

—¡Sei que teño boas mans, Pedro! ¡Vexo que dormes!

E Pedro dando un forte salayo, e sin abril-os ollos, díxolle con vos tembrorosa:

—¡Qu'ei dormir, muller, qu'ei dormir, si nunca mais esperto estiven!

RICARDO CARBALLAL.

O PROBLEMA AUTUAL

PORTUGAL E ESPAÑA

«O Imparcial», orgo do centralismo en ragê, ven traballando por unha entente luso-hispana. Alfonso Costa, ministro de Facenda de Portugal, fixo dinantes de sair de Madrid unhas decraraciós pra aquel colega.

Alfonso Costa di que soyo se poderá chegar a unha boa amizade, non mais aló; nin siquer a unha alianza. Coida, ô mesmo tempo, enoxoso y-ausurdo falar d'ibeirismo.

A-o parecer, axiña concretarase antr'os dous pobos da Península, un tratado de comercio que favoreza os mútuos intreses económicos.

Pol-o económico, sen dúbida, mais d'un intertroque inteleutual e non voltando à vella mania, inda non esquecida, de falar mal e con sorna dos veciños, pode chegárese a põnel-os cimentos d'algo fondo.

N'oustante pra que o soño da raza se realice, temos que camiñar moito. Temos que escomenzar por axuntarnos nos, oxe desxuntados espiritualmente, pra logo axuntarnos a Portugal. Ten «O Imparcial»—que é dicir todol-os centralistras por comenencia ou iño-

rancia — que dárno-lo exemplo, peitando pol-a imprantación d'un réximen abertamente rexionalista en España. Y-esto óllase tan lonxe, tan lonxe...

Cando o Estado Español s'organice coma Deus manda, dándolles às rexións de personalidade xeográfica, étnica e hestórica ben definida, aquela autonomía integral que percisan pra o seu desenvolvemento progresivo, estonces Portugal, quizais volva os ollos pra nos, espreguisándose d'un lóxico receio secular. Namentras, o do ibeirismo terá de sere un tóxico mais.

Pro o dia de prantear o problema ibérico chegará; chegará forzosamente, cando Cataluña, Baskonia e Galicia, collidas da man, dian fera batalla ô centralismo, conquerindo o trunfo das suas aspiraciós.

Cando este trunfo sexa un feito, Portugal decatarase d'él; a política periférica, que é dicir a política europea, ô impoñerse eiquí, tragnerá pra nos as simpatias dos veciños, y-aquel día, senon dinantes, son vascos, catalás e galegos quenes teñen d'iren a Portugal coma heraldos d'unha boa nova.

Afinca no dito a entrana do problema. Pro inda hay mais. O implantamento da República en Portugal abreu un novo ous-táculo pra unha futura xuntanza. Este ous-táculo desapareceria, inda que España fose República e Portugal Monarquía. O vice-versa perxudicanos. Y-eiquí cabe perguntar si mañán pr'o trunfo do ibeirismo non s'impondrá un troque de réximen en España. Nos facémol-a pregunta; que cada un contéstea como lle pete.

O que si dicimos é que Cataluña, Baskonia e Galicia xuntas, entendéndose estreitamente pol-o que teñen d'afins suas aspiraciós, deberan desinar, cando chegue a hora, inteleutuales seus que vayan a pulsar o espírito portugués. Non sin facer dinantes intertroques literarios e de todol-os ordes, tendo a Galicia, pobo d'idioma hirmán do lusitano, e d'este tamén veciño, por mensaxeiro e lazarillo.

A voz da raza, soyo por Cataluña, Baskonia e Galicia alcontrará eco en Portugal.

PRA OS DESGALLEGUZADOS

VERBAS D'UN TOLO

Dende o dez de Marzo que tomei a libertade de facer unha chamada a'os enxebres ferroláns pra que s'axuntasen, uns cantos gallegos d'alcume nados neste pobo, chamáronme tolo. Si fose outra clás d'asunto pode sere qu'eu tivese en conta a verba, pro n'este com'a é abondo serio, alcurrume todo a'o contrario: encheume de ledicia o adxetivo.

Ainda que non teño moito bagar, vou adicarlles unhas liñas a eses *equilibrados*, pra que non iñoren a mania d'esta toleira. Este tolo que vos fala, ¡malpocadiño!

OS NOVOS POETAS

QUEIXUMES

Eu vivo sin amore, y-é moi triste non tere a quen contare as negras penas qu'amagoan e anasquizan o brando corazón de quen foi nado pr'amar e mais pr'a amar.

O mesmo son qu'unha folliña seca qu'ô vendabal y-ô cerzo arrincán d'a prolinca en que nacen, aló n-o outono, cando todo é dourado com'as mesmas guedellas d'ô noso pai o Sol.

Eu vivo sin amore, qu'é vivire sin luz n-a y-alma nin'no peito fogo, sin ter espranzas ni-en mañá pensare, vivir sin ilusión, vivir tan soilo como vive o ciprés n-o cimiterio. ¡Qué grande soedá! Ceo arriba sin luz y-abaixo terra, terra sin fin. Navegante n-o mar sin sol e sin estrelas. c'as velas rotas, sin tímón, sin guía, sin faro, sin espranzas, brétema todo! ¡Soedá!

A. SANTOS VILA.

Louxe e Marzal d'ô 1917.

REXURDIMENTO

Tráis d'as cumes d'a serra lexana Resprandece, rosada e tremante, Unha lus qu'espárexe, rubindo, Uns rayos extranos De fogo e de sangue.

É Galicia qu'enseñ'a sua testa, É Galicia que, farta d'aldraxes, D'ô seu sono de pedra rexurde, Rexurde xigante.

É Galicia que romp'as cadeas Con que presa ind'a teñen ¡cobardes! Os qu'a conta da sua pacencia Medraron campantes.

É Galicia qu'enxebre desperta, É Galicia qu'acesa en coraxe Tráis dos montes inxentes asoma Solen'e brillante.

É Galicia, Galicia en qu'alenta Isa forte e viril mocidade, Nov'aurora qu'espárexe os seus rayos, Seus rayos fulxentes De fogo e de sangue.

A. GARCÍA HERMIDA,

Secretario da «Hirmandade da Fala» de Villalba (Lugo).

contaxiouse de galleguismo con tolos ilustres que percuran por todos los meios de que dispoñen, espertar o espírito dos bons gallegos pra que onrren a sua terra com'a é merecente, defender os dereitos que non queren nos reconocer, e loitar adoito, até que Galicia teña persoalidá propia com'a lle corresponde, pois xa fai anos que pode andare soila sin qu'a leven da má. Querén tamén, qu'o noso idioma sexa usado pra todol os autos da vida gallega, e non alcurra com'a oxe qu'é sinal de sangue cativa o falar en gallego, debendo sere ouxeto do noso respeito e agarimo, si tivésemos siquer unha miixa d'afeuto a rexión.

Pra non vos trabucar, com'a c'a pior intención facedes moitos, direi, aínda que folgaba a adevertencia, qu'o falar nosa lingua non se refire a'o desterro do castelán, pois por moi cego qu'un estexa, non pode menos d'ollar que na formación d'ese idioma, tiveron entrada unhas cantas mileiras de verbas gallegas, e a'o respetar a un, témol-o que facer a'o outro, com'a fillo qu'é. Ademais n'as relacións c'o Estado e c'o resto das rexións que forman a Península, é o idioma úneco que temos qu'empregar. Esto sin ollar o porvir dos gallegos, pois abondo sabemos que n'a América é onde semos persoas os que tivemos a sorte de ser nados eiquí, e com'a n'aquela terra, nosa segunda nai, se fala o castelán, eiquí tedes outra necesidá, pol-o que non podemos prescindir de él.

Todo o que deixo dito non foi a fume de palla, pois unha das razóns c'a que queredes nos atacar vosoutros os do *senso craro*, é ista; o persentarnos diante dos inxenios com'a enemigos do medo da nazón española. Nada mais incerto. A'o querere unha Galicia grande e forte, e s'as outras rexións s'alcontrasen n'o noso caso e fixesen o mesmo, teríamos unha España chea de verdadeiros cibdadáns, consecuencia lóxica da cibdadanía rexional.

Isto é o que pensan os entusiastas da causa rexional, os tolos do rexionalismo com'a vosoutros nos chamades. Estes tolos teñen a ventaxa sobor de vosoutros os san... do corpo, que non lamben as maus dos qu'os asoballan, nin teñen por costume d'ire pendurados dos faldós d'un calquera, sinon que saben camiñar de pé, c'o a testa moi erguida, e adprenderon unha soila verba: eisixir; namentras vosoutros andades de xionllos pregando com'a vellas chorimi-queiras, que non vos fallen os paus, pois o día que vos fallen, xa non concebides a vida, afeitos a levalos n'as costas com'a estades.

Quixéchedes facer un dano, e resultou un ben. O pobo indiferente de boa fe, de cuia indiferenza sodes responsabres, ollará axiña duas clas de gallegos: n'unha, os bons, os sinxelos, os amantes e defensores da terra, e n'outra a'os desleigados, os que constituen a vergoña da raza facendo tan pouco favore a Galicia. E cando esa división necesaria teña efecto, os indiferentes de boa fe, virán a engrosar o fato dos bons, e nos axudarán n'a boa obra, decatados dos seus deberes de verdadeiros patriotas, y-entón os detraidores do rexional, xa sin careta, quedarán sinalados com'a enemigos gafosos, a'os que lles hai que negar até a carta de natureza.

Seguide chamando tolos a'os que traba-

llan pol-o ben, que nós, escravos, d'esa doenza, seguiremos petando a'os corazóns xenerosos pra que s'axunten, e poidan facer frente a'o noxento proceder voso. Seguide do mesmo xeito e non s'arredrar, que vades dereitos de pulo en pulo, camiño do inferno galego, n'o que seredes recibidos c'os honores qu'os *persoaxes* de vosa categoría lles teñen sinalados.

E agora, non quero findar estas liñas sin decirlle a'os enxebres do meu pobo, ¿cando vai sere o día que nos axuntemos pra abafar os fumes dos desgalleguizados?

Xa falaredes, s'é qu'aínda hai folgos.

XAN LABREGO.

Ferrol, 23 Marzo 1917.

Peneirando...

O coro «Toxos e froles» de Ferrol, axiña pensa n'unha festa solene inaugurar sua bandeira galega.

Canto agarimo sentimos nos por este notable coro non percisa amostrárese. Agarimo e gratitude lle debemos. Pra nós tivo agasallos, e inda que eisí non fora, é enxebre, labora pol-a múseca y-as cántigas da terra, e esto abonda pra que o levemos dentro da y-alma adoito.

Temos, pois, dereito a dicirlle a verdade: a darlle un consello, inspirado somentes no mais outo patriotismo.

Anunciaron os xornaes que «Toxos e froles» pra o auto da inauguración da bandeira pensa invitare a un poeta castelán.

¿Y-elo é posibre?

¿A un coro de tal xeito puido esquecerse o nome de Ramón Cabanillas?

¿Non é o autor de «Vento Mareiro» o poeta galego por autonomasía? ¿Non é un poeta xenial, un dos poucos poetas grandes, «enteiros», «compretos» que hai oxe na España? Vai ô par de Curros e de Rosalía. ¿Á sua veira e tratándose d'unha festa de «Toxos e froles», festa enxebre, que outro poeta non ficará empenquencido?

Dixo un colega, esgrimindo a palmeta do dómine:

«Leemos en el «Boletín de la Real Academia Gallega», que un señor Boado, hizo un donativo de documentos del año 1650, que están en su casa desde tiempo inmemorial.»

Pero ¿no habíamos quedado en que inmemorial es aquello de que no se tiene memoria?»

Si, señor; e por eso o Boletín da nosa Academia falou ben.

E falou mal, mui mal, o colega que chamándose rexionalista faltoull'o respeto, inxustamente, á primeira entidade literaria galega.

Inda tendo razón o colega, debería de calar a boca, pra canto mais non téndoa.

A que non s'estrevería a censurar ô Boletín do arzobispado. ¡E viva a independencía!...

Pois o mesmo colega no mesmo número, tivo outra «coladura» censurand'ô responsal en Compostela da *Voz de Galicia* por esta frase: «porteaban palmas».

Coidou que non estaba ben dito.

¡Eche boa, abofé!

Na *Voz del Obrero* da Cruña, limos un baril artigo nomeado: «Crímenes del caciquismo, Justicia fuera del Código», dino de sere conecido por todol-os homes de ben.

N'el faise hestoria do «caso» do farmacéutico de Fene, D. Xenaro Moureda, noso querido amigo, do que xa falamos ô seu tempo.

«Non fun eu—escribe no carce o señor Moureda refiríndose á traxedia—foron eles; os cobardes que non quixeron evitala; os infames que puideron impedila; os canallas que desexabanna.»

«E verdá—comenta o artigolista da *Voz del Obrero*—; pro nos añadimos: E a lei que no seu punible abandono non s'espreguizou senon ô estoupar do teu revolver..., pra encerrarte no carce dos homicidas vulgares.»

Os Amigos da Fala témol-a obriga d'emprestarlle tod'ô noso apoio moral ô señor Moureda, vítima da fonda doenza caciquil, que abafa a Galicia.

Esto ten pra nos maior interés que todol-os tiquis-miquis gramaticaes. Pra nos e pra todol-os rexionalistas de corazón.

¿Verdá, señores marqués de Figueiroa e Torres Taboada?



NOVAS
DA
CAUSA

Dou unha notable conferencia na Academia Galega, noso querido hirmán Luis Peña Novo.

N'ela tratou d'algúns probremas de xeito xurídico-económico que intresan a Galicia.

Peña Novo, un dos rapaces mais cultos, mais enxebres e mais elocuentes da nova intelteutualidade, conquireu moitas gabanzas.

Tamén o loubado hestoriador D. Francisco Tettamanoy leu no seo da Hirmandade da Fala cruñesa unhas patrióticas cuartillas sóbor dos mártires de Carral, lembrando a efemérides que cumpre nos derradeiros d'este mes.

Foi como unha preparación espiritual do acto que os Amigos da Fala farán en Carral axiña.

Trátase de facerlle un homenaxe a Xaime Solá o notable xornalista director de *Vida Gallega* con motivo do éisito que ven conquerindo sua fermosa novela *Anduriña*.

Parécenos felís a idea. Solá que ven rindindo adoito homenaxes a todol-os galegos, é merecente d'un garimoso.

Cóntese con nosco.

No seo da colonia galega de Bos Aires latexa un fondo entusiasmo pol-a causa que nos defendemos.

Algús boletis d'aló veñen traballando pra que se constituya unha forte hirmandade.

FILLOS DE A. BARCELÓ (S. en C.)**MÁLAGA**

Cosecheiros, esportadores de viños seleitos da España, oxén, anisados, ron, coñac, etc.

Son os únicos donos das marcas de moito creto e sona chamadas

ANÍS DOUS MONOS**RON LA LUCÍE****OXÉN SUPERFINO**

Pra encargos, na Cruña, rúa do Orzán, 144

OS MELLORES CHOÇOLATES SON OS

CHOCOLATES BRANDARIZ**QUENES OS PROBAN****NON QUEREN OUTROS**

A venda en todol-os comercios d'ultramariños de Galicia.

Enrique Brandariz y C.^a**Ronda da Coruña, 22. — LUGO****CONTOS GALLEGOS**

— DE —

ASIEUMEDRE

Pol-a cativa cantidá de dous reás podedes ter risa unha semana enteira.

Véndese na Librería de Lino.

LABRADORES:

Si queredes encoutar a peste das patacas, vacelos (vides), hortalizas, etc., e dobrar a colleita d'aqueles productos, empregade o **SULFATO DE COBRE**

Pedide prezos e condicións ós

Grandes Almacés de Ferretería, Vidros e Pinturas

DE

Romero Hermanos

Concepción Arenal, 1 e 3; Iglesia, 90 e 92,
e Canalejas, 77

FERROL**H. LA PALOMA**

— DE —

Ramón Morandeira

Este espréndido establecemento, situado no mais céntrico da poboación, axeitado á outura dos millores da sua cras, conta con espazosas e aireadas habitazons, boa e abundante mesa, un servizo puntual i esmerado, e asistencia facultativa pol-o enxebre e renomado doutor A. Otero.

Fonte de San Antón, 20 - Santiago

LEUTORES:

Quen queira ter un traxe bóo e xeitoso, e que lle coste pouco diñeiro, qu'ó faga na xastaría de

Xosé Varela**CIRCO, 16-BAIXO — VIGO****FÁBRICA DE BISELAR, GRABAR E DECORAR CRISTAL**

Espeillos de Venecia e de tocador, lisos e biselados.

Rótulos grabados e vidreiras artísticas.

Lúas de grandes tamaños e grosuras.

Vidros impresos e de total-as cras.

Baldosas pra pisos.

Narciso F. Pereira

RUA DE PANADEIRAS, 23

A CRUÑA**VIÑOS BRANCOS E TINTOS**

Riveiro: Arnoya fino.

Rioxa: Federico Paternina.

«Rioxa Ollauri» especial pra familias.

Botella sin casco: 0 55 ptas.

Pedidos: W. LOSADA**HOTEL CONTINENTAL****Os "Previsores do Porvir"****SOCIEDÁ MODELO, ESPELLO DE PATRIOTISMO**

Chegou a 40 millóns de pesetas de aforro en doce anos

A súa representación na Cruña, ten as oficinas no número 45-2.º, da rúa Real.


NAZONALISMO GALLEGO

A NOSA AFIRMACION REXIONAL

(2.ª EDICION)

Libriño ben impreatado nos modernos talleres da «Voz de Galicia» con xuícios e opinións de Rodrigo Sanz, Porteiro, Banet, Fontenla, Calvo, Casares, etc., por Antón Villar Ponte.

Véndese a 50 céntimos. — Os pedidos faránse ó autor, no Rego d'Auga, 4-1.º — Cruña. — Os suscritores d'este boletín poderán adquirilo á metade do prezo sinalado.

**COMPAGNIE GENERALE TRANSATLANTIQUE****VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE****SERVICIOS DIREITOS DENDE O PORTO DA CRUÑA**

Para á Habana, Veracruz, Porto Rico, Santiago de Cuba, Nova Orleans, Nova York e combinación pol-o ferrocarril para calquera punto dos Estados Unidos.

Ademite pasaxeiros de primeira (varias categorías), segunda, preferencia e terceira clás, e carga.

Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clás d'informes sóbor de datas de saída, precios do pasaxe e tipos de flete, dirixirse ó seu Consignatario

D. Nicandro Fariña

Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo

NOTA. — Quedan sin efecto total-as tarxetas de visita, pois non se deixa entrare a bordo.